

**OFICINA DE MEDIO AMBIENTE**

UNIVERSIDADE DE VIGO

Edificio CACTI

Lagoas-Marcosende

36200 Vigo

03/09/03

MEMORIA DO CURSO 2002- 2003 DA OFICINA DE MEDIO AMBIENTE

No curso 2002-2003 as actividades de **maior relevancia** de esta entidade foron as seguintes, agrupadas temáticamente:

Medio natural

- Dirección e seguimento dos traballos da 2ª fase do Plan de revexetación do Campus Lagoas-Marcosende. Nesta 2ª fase plantáronse 6.000 árbores autóctonas.
- Plan de Conservación e seguimento dos hábitats naturais do Campus Lagoas-Marcosende:
 - o selección de 1 biólogo, 1 capataz forestal e 2 operarios, dentro do convenio de fomento do emprego Universidade de Vigo-Consellería de Familia, para os traballos do " Plan de Conservación e seguimento dos hábitats naturais do Campus Lagoas-Marcosende ".
 - o dirección e coordinación dos traballos do citado plan.
 - o deseño e aplicación dunha metodoloxía para avaliar os cambios nas comunidades de fauna e flora da área afectada polos proxectos de mellora ambiental.
 - o manexo dos hábitats naturais co fin de preservar a biodiversidade e evitar a degradación dos mesmos.
 - o creación dun viveiro con mais de 10.000 plantas, de especies propias da vexetación de Galicia (*Quercus robur*, *Quercus suber*, *Sorbus aucuparia*, *Calluna vulgaris*, *Erica spp.*, *Cytisus spp.*, etc.).
- Vixilancia e seguimento de medidas correctoras das obras que se están realizando no campus Lagoas-Marcosende.
- Asesoría e supervisión de proxectos constructivos no Campus Lagoas-Marcosende para diminuí-lo seu impacto ambiental negativo:
 - o revexetación da Colina de Miralles a carón da biblioteca central.
 - o obras de ampliación da lagoa do CUVI.
 - o construción das sendas peatonais, etc..
- Publicación da "Guía da natureza do Campus Lagoas-Marcosende" na que se destacan os diferentes hábitats que conforman a paisaxe actual do campus, xunto coa súa flora e fauna características.

- Programa de educación ambiental "Fora das Facultades tamén hai vida": realización de dous itinerarios guiados a semana polo campus, co obxectivo de dar a coñecer os hábitats e a fauna e flora do campus Lagoas-Marcosende a toda a comunidade universitaria.
- 2º ano do Estudio da "Mortalidade de vertebrados asociada as infraestructuras do Campus Lagoas-Marcosende".
- Construcción de barreiras para evitar o atropelo de anfibios no vial de circunvalación do Campus Lagoas-Marcosende.
- Colocación de caixas niño e comedeiros para aves no campus Lagoas-Marcosende.

Marea negra do Prestige

- Organización do voluntariado da Universidade de Vigo para a limpeza de praias afectadas pola catástrofe do Prestige:
 - o a OMA encargouse de facer de enlace entre a oferta de voluntarios dos centros da Universidade e as institucións que demandaban voluntarios para a extracción do fuel do litoral.
 - o dende o 11/12/02 ata o 30/05/03 coordinouse o envío de 3.779 voluntarios dos tres campus ós concellos de Oia, Ribeira, Moaña, Carnota, Sanxenxo e o Parque Nacional das Illas Atlánticas.
 - o coordinación do transporte de voluntarios cara as zonas de traballo.
 - o establecemento dun grupo de monitores (voluntariado cualificado).
 - o subministro de materiais adecuados para a limpeza (máscaras, luvas, etc).
- Establecemento dunha "Rede de alerta de marea negra nas rías de Vigo e Pontevedra" durante a catástrofe causada polo petroleiro Prestige, co obxectivo de inspeccionar diariamente as praias e as aves mariñas das rías de Vigo e Pontevedra.
- Colaboración no proxecto de investigación para estimar a mortalidade de aves mariñas realizado por profesores da área de Zooloxía do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal. A OMA colaborou neste proxecto encargándose da:
 - o divulgación dos contidos e obxectivos deste estudio.
 - o recompilación dos datos dos tacos recuperados.
- Divulgación na páxina web de toda a información sobre as actividades desenvolvidas pola OMA con relación ó Prestige, así como o avance de resultados da rede de alerta e instrucións para os voluntarios.

Recursos e residuos

- Coordinación e supervisión das recollidas de residuos perigosos realizadas, nos laboratorios e conserxerías da Universidade de Vigo:
 - o recollida e etiquetado dos residuos producidos.
 - o subministro de recipientes certificados.

- informar o persoal dos laboratorios sobre a recollida, a separación dos residuos e as obrigacións que deben cumprir como produtores.
- recompilación de información sobre os residuos recollidos: produción por tipoloxías, número de envases subministrados, persoas de contacto, incidencias, etc.
- elaboración dos informes correspondentes.

Data das recollidas	decembro 02	xaneiro 03	marzo 03	xuño 03
Producción total (Kg)	3.071	5.217	3.787	6.000

- Controlar e supervisar o traballo dos xestores que recollen e tratan os residuos urbanos na Universidade (papel, plástico, latas, tóners e cartuchos de impresora).

Organización interna e convocatorias

- Coordinación e supervisión do traballo de dous voluntarios asignados a OMA dende novembro de 2002 ata xuño de 2003.
- Convocatoria das bolsas de formación na OMA, e selección de catro bolseiros para o curso 2003-2004.

Información

- Remodelación da web da OMA que actualmente está formada por 122 páxinas.
- Participación na I Feira de Asociacións da Universidade de Vigo cun stand no que se informaba a comunidade universitaria sobre as principais actividades desenvolvidas pola OMA.
- Atención a comunidade universitaria sobre cuestións ambientais. Información a través da páxina web e do correo electrónico das novas da OMA.
- No curso pasado o número de noticias editadas na prensa con relación á OMA foi: 20 no ano 2002 e 12 no ano 2003.

Ignacio Munilla Rumbao
Director da Oficina de Medio Ambiente